

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL DATA: 11 de setembro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Ciencias da Educación / Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte Facultade de Bioloxía
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (C) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación Xeral do Resultado:

Cumprimento do proxecto establecido:

O título, malia que semella funcionar de maneira aceptable, tal e como demostran os indicadores e os resultados de aprendizaxe, ten unha marxe de mellora relativamente ampla.

Trátase dun título complexo que se imparte en tres centros cun número elevado de itinerarios. O número de profesores é relativamente elevado, procedendo de todos os ámbitos do coñecemento.


Dos documentos aportados despréndese que existe vontade expresa de coordinación por parte dos responsables, pero a dispersión de centros e ámbitos impide que sexa efectiva. Así, por exemplo, obsérvase que existen diferenzas importantes entre as guías docentes das materias e as fichas da memoria de verificación. Tamén se aprecian diferenzas entre as fichas da mesma materia cando se miran nos diferentes centros que a imparten.

A información está unificada nunha única páxina web que está unicamente en castelán. A documentación (actas, rexistros, etc) figura unicamente na aplicación do SGIC da facultade de bioloxía. A meirande parte dos datos dos diferentes indicadores figuran no informe de revisión pola dirección da facultade de bioloxía e nunha parte no informe de revisión da facultade de ciencias da educación. Non se atopou ningunha mención ao desenvolvemento do título no informe da facultade de ciencias da educación e do deporte. En xeral, da documentación presentada adquirese unha percepción de que, malia que o título funciona, non existe coordinación real e que non parece considerarse prioritario chegar a un entendemento que permita transmitir unha visión unificada do título dentro de cada un dos itinerarios.

Plan de melloras do título:

O seguimento das accións de mellora pendentes, recolle adiamento e/ou cumprimento parcial. Recoméndase, neses casos, revisar se os puntos febles o seguen sendo, e establecer, se fora o caso, accións complementarias, ou temporais, mentres non se poden cumprir as acordadas.

Vigo, a 11 de setembro de 2017



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	C
Información e Transparencia	B
Sistema de Garantía de Calidade	C
Recursos Humanos	C
Recursos Materiais e Servizos	B
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C

Plano de Melloras

Desenvolvemento	C
Seguimento	C
Coherencia	C

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: Docnet e Memoria da titulación</i>	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houberse algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Incumprimento xeneralizado de polo menos un campo.</p> <p>Descrición da avaliación: Miráronse cinco materias, dúas comúns aos tres centros e unha correspondente a un dos itinerarios de cada centro. Observouse que no itinerario de ciencias sociais da Facultade de Ciencias da Educación falta a guía de "Ciencias Sociais na Educación Secundaria I".</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento psicolóxico da aprendizaxe no ensino secundario. Guías esencialmente idénticas nos tres centros, coincidentes coa memoria. En Pontevedra hai un epígrafe a maiores nos resultados de aprendizaxe. Ademais da información en Galego e Castelán nos tres

	<p>centros, en Pontevedra a materia ten unha pestaña en inglés que podería ser mellorable (hai erros de “spelling”, etc)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sistema educativo e educación en valores. As competencias nin coinciden entre os tres centros entre si nin coa memoria. As tres guías teñen diferente número de competencias. Os contidos coinciden nas guías dos tres centros (epígrafes distintos da ficha da memoria). Os resultados de aprendizaxe tamén son diferentes nas webs dos tres centros. - Didáctica da Tecnoloxía e Informática na E.S. As competencias non coinciden entre a guía e a memoria. Os epígrafes dos contidos son aproximadamente os mesmos. - A didáctica da educación física: elementos curriculares. Esta materia na memoria (cadro da pax. 71) chámase “La didáctica de la Educación Física: Elementos del Curriculum”. Suponse que a súa ficha é a da pág. 74 que ten o nome repetido da ficha anterior. As competencias non coinciden entre a guía e a memoria, mentres que os contidos son totalmente coincidentes. - Xeografía na educación secundaria. As competencias non coinciden entre a guía e a memoria. Os contidos son altamente coincidentes aínda que non están ordenados da mesma maneira.
<p>2.- Informe de Coordinación Fonte: SGIC</p>	<p>Analizar no rexistro do SGIC “R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora</u>: Hai mecanismos incompletos de coordinación.</p> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>Non se puido acceder aos rexistros da facultade de Ourense. Non se atopou o rexistro na facultade de Pontevedra. Nos rexistros da facultade de bioloxía existe un informe no que figuran os distintos responsables dos diferentes aspectos do título (a mesma información que figura na web). Non se atoparon actas específicas de coordinación vertical ou horizontal con excepción das actas da Comisión Académica aportadas polos responsables do título.</p>

1.1.1 Valoración do Criterio:

1 Organización e Desenvolvemento

C

1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	Competencias	En xeral, non existe coincidencia entre as competencias que figuran nas guías docentes e as que figuran na memoria. Tampouco existe coincidencia entre as competencias que figuran nas guías docentes da mesma materia en diferentes campus.	
	Guías docentes	Falta a guía en DOCNET da materia “Ciencias Sociais na Educación Secundaria I”.	
Recomendacións para a mellora	Coordinación	Non se atoparon evidencias do funcionamento dos mecanismos de coordinación descritos.	
Tipo			

1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.) • Horarios, aulas e calendarios de exames. • Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade • Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) • Informe de revisión pola dirección <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión.</p>
	<p>Descrición da avaliación:</p> <p>Desde a web dos tres centros implicados accédese á web do máster. Dita web está unicamente en español (existe un vínculo para “galego” pero atópase unha portada e non se poden atopar máis páxinas).</p> <p>Toda a información sobre a planificación docente (horarios, cronogramas, aulas, exames, profesorado participante, etc) é completa. Falta información sobre o TFM (tribunais, oferta de temas, asignación, normativa). Na web existen as fichas de avaliación.</p> <p>No apartado de calidade existen enlaces ás páxinas dos centros nos que se imparte o título (páxinas de inicio en Vigo e Ourense e páxina de calidade en Pontevedra). Non existe vínculo aos informes de revisión pola dirección de cada un dos centros.</p>

1.2.1 Valoración do Criterio:

2 Información e Transparencia	B
--------------------------------------	----------

1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	TFM	Falta información relevante sobre o TFM	
	Web	É conveniente ter tamén a páxina en galego (lingua propia da UVIGO)	
Tipo			

1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non haber actas <u>Recomendacións para a mellora:</u> Evidenciase que os asuntos tratados na comisión non tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade. <u>Fortaleza:</u> Evidenciase nas actas que os asuntos tratados na comisión xorden da implantación e son útiles para a mellora da calidade da titulación.</p> <p>Descrición da avaliación: Preséntanse como evidencia as actas da comisión de calidade da Facultade de Bioloxía e as actas da comisión académica do máster. Nestas últimas, tanto antes do comezo do curso 2015/16 como ao final deste, aprobáronse documentos de procedementos relacionados coa calidade. Nun dos centros onde se imparte o título, a Facultade de Bioloxía, o SGIC está certificado.</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: SGIC</i></p>	<p>Comprobar estes 2 rexistros de procedementos na aplicación para comprobar a implantación do SGC.</p> <ul style="list-style-type: none"> • R1 DO 0203 P1 Plan de acción tutorial (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0203 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza</i> • R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0202 P1 Promoción de las titulaciones</i> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Falta un procedemento actualizado e coa información apropiada.</p> <p>Descrición da avaliación: Non se puido acceder á documentación da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense. Na facultade de Educación de Pontevedra, non se atoparon rexistros do título. O rexistro documental do PAT 15-16 do título está na Facultade de Bioloxía. O documento está actualizado e semella conter toda a información necesaria. Non se atopou o informe final do PAT. Tamén puido ser atopado nos rexistros da facultade de Bioloxía o documento relativo ao plan de promoción da titulación.</p>

1.3.1 Valoración do Criterio:

3 Sistema de Garantía de Calidade C

1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Rexistros do SGIC	Os documentos están aprobados e figuran nos rexistros do SGIC do centro onde se imparte o título en Vigo. Faltan nos outros dous Centros, alomenos a documentación relacionada con cada Centro.	
Recomendacións para a mellora	Informe final do PAT	Non puido ser atopado o informe final do PAT do curso 15-16	
Recomendacións para a mellora	SGIC dos centros	No centros onde se imparte en Pontevedra non se atoparon rexistros do título e non se puido acceder á aplicación do SGIC do centro onde se imparte en Ourense	
Tipo			

1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	<p>Analizar na evidencia N°15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai información <u>Recomendacións para a mellora:</u> Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado mellorable <u>Fortaleza:</u> Categoría do profesorado e distribución de profesorado por materia óptimo.</p> <p>Descrición da avaliación: O número de profesores que participan e a súa cualificación semella adecuado. O número de profesores por materia é razoable, evitando a excesiva fragmentación.</p>
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe de revisión pola dirección das facultades de bioloxía e Ciencias da Educación non hai resultados das EAD. No informe da Facultade de Educación e Deporte non hai datos do título.</p>

1.4.1 Valoración do Criterio:

4 Recursos Humanos C

1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Número e tipo de profesorado		
Non Conformidade Tipo	EAD	Non se atoparon datos das EAD nos informes de revisión pola dirección	

1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
<p>8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou con resultados insuficientes s nin en todos os campos) <u>Fortaleza:</u> Hai unha reflexión completa.</p> <p>Descrición da avaliación: Presentan datos do máster os informes das Facultades de Bioloxía e Ciencias da Educación. Os valores presentados son aceptables (lixeramente superiores a 3) pero o ítem é dos mellores valorados polos alumnos e profesores.</p>

1.5.1 Valoración do Criterio:

5 Recursos Materiais e Servizos

B

1.5.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Recursos materiais	Non se aprecian problemas relevantes respecto a este criterio	
Recomendacións para a mellora	Informe de Revisión	Non aparecen os datos no informe do centro onde se imparte en Pontevedra	
Tipo			

1.5.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
<p>9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado</p> <p><i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai evidencia <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non hai unha distribución razoable das cualificacións <u>Fortaleza:</u> Hai unha distribución de cualificacións razoable.</p> <p>Descrición da avaliación: A listaxe de cualificacións presentada é diferente segundo o centro de procedencia. Para unha parte, dos alumnos figura a cualificación numérica mentres que para a outra parte só figura a cualificación cualitativa. A meirande parte das cualificacións son superiores ao 8.0. As cualificacións cualitativas máis frecuentes son notable e sobresaínte.</p>
<p>10.- Indicadores por materia</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes <u>Fortaleza:</u> Reflexión completa e valores salientables.</p> <p>Descrición da avaliación: Os valores globais figuran no informe de Revisión da Facultade de Bioloxía. No informe de Ciencias da Educación hai unha valoración dos resultados parciais do centro. Todas as cualificacións excepto nun caso (TFM) son de aprobado ou superiores. As cualificacións máis frecuentes son notable ou sobresaínte aínda que hai algún aprobado. Hai varias (poucas) mencións “non presentado” sendo as máis abundantes nas prácticas externas e no TFM (8 e 39 respectivamente). En xeral, non existen diferenzas notables nas distribucións das cualificacións das materias teóricas. As cualificacións do TFG son similares ás das materias teóricas. As cualificacións das prácticas externas son lixeiramente superiores.</p>

1.6.1 Valoración do Criterio:

6 Resultados de Aprendizaxe B

1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Distribución de cualificacións	A distribución de cualificacións é razoable con resultados bos ou moi bos. Semella que todos os alumnos que non teñen problemas para cursar o máster (incompatibilidades, etc) acadan un resultado positivo.	
Recomendacións para a mellora	Reflexión	A reflexión é escasa ou inexistente dependendo dos informes de revisión de cada un dos centros nos que se imparte	
Tipo			

1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Non existen datos de profesorado. Os resultados do alumnado e alumnos mostran que a meirande parte dos ítems están por debaixo do valor medio (3.0) aínda que son algo mellores que en anos anteriores. Existe unha pequena reflexión pero os responsables do título non parecen ter claro cales son as razóns da presunta insatisfacción.</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai unha reflexión incompleta ou os resultados non acaden as metas e non xorden accións de mellora <u>Fortaleza:</u> Hai unha reflexión completa e os resultados acadan as metas asociadas</p> <p>Descrición da avaliación: Existe unha pequena reflexión asociada á presentación dos datos que, en xeral, son aceptables. Existen algúns datos que non son bos pero na reflexión non se enuncian puntos febles (so se indica que hai que mellorar).</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Os resultados son bos aínda que non existe unha reflexión sobre eles.</p>

1.7.1 Valoración do Criterio:

7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Valores de satisfacción	Os valores das enquisas de satisfacción están na meirande parte dos ítems por debaixo da media	
Recomendacións para a mellora	Reflexión	Non se manifesta unha reflexión sobre os indicadores de satisfacción e rendemento que poidan conducir a accións de mellora coherentes	
Tipo			

1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai ningunha acción de mellora de xorda dos puntos febles atopados.</p>
	Descrición da avaliación: Na documentación presentada non se atoparon accións de mellora formuladas no curso 2015-16.
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	Valorar o grado de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa. Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non se evidencia un seguimento dalgunhas accións de mellora que non son de procesos de seguimento externo.
	Descrición da avaliación: Durante o curso 2015-16 houbo certo seguimento das accións de mellora formuladas en cursos anteriores.

<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> As accións de mellora de seguimentos anteriores, ou se adian, ou se cumpriron parcialmente; non se conclúe se se solventaron os puntos débiles.</p> <hr/> <p>Descrición da avaliación: Detectáronse dous puntos febles, e establecéronse dúas actuacións. Non parece proporcionada a acción de deseñar e implantar un curso cero, para completar a información solicitado polo novo alumnado.</p> <p>Non se atoparon accións de mellora formuladas durante o curso 2015-16. Pode ser un erro na columna <i>Curso</i>, na excel de rexistro e seguimento das accións de mellora: as dúas recollidas en avalía, incluíronse na excel co <i>Curso 2016/17</i>, e saen deste seguimento no curso 2015/16</p>
--	---

2.1 Valoración do Criterio:

Desenvolvemento	C
Seguimento	C
Coherencia	C

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Accións de mellora	De ser o caso, corrixir na excel de xestión das accións de mellora o curso 2016/17 por 2015/16 nas dúas accións de mellora que saen deste Seguimento. Revisar o grao de cumprimento das accións pendentes de seguimentos anteriores, para analizar, no caso de adiamento, ou non cumprimento, se os puntos febles detectados o seguen sendo, e a necesidade de accións complementarias.	
Tipo			

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: